

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

ORDE do 29 de xullo de 2025 pola que se modifica a Orde do 26 de xuño de 2025 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convocan o proceso selectivo de acceso por oposición libre (código de procedemento PR461B) e o proceso de provisión por mobilidade (código de procedemento PR461D) nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía.

No *Diario Oficial de Galicia* número 125, do 2 de xullo de 2025, publicouse a orde referida pola que se convocan o proceso selectivo de acceso por oposición libre e o de provisión por mobilidade, nos corpos da Policía Local de Galicia.

O 7 de xullo de 2025 presentouse un recurso de reposición contra esta orde no cal se solicitaba a corrección do anexo III en relación co número de prazas do Concello de Ferrol, reservadas á provisión mediante o sistema de mobilidade. Este recurso foi estimado xa que, por erro no cómputo das prazas, o Concello non cumpría nesta convocatoria a porcentaxe das reservadas a mobilidade, de acordo co indicado no artigo 43 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

Pola súa vez, con posterioridade á publicación da Orde do 26 de xuño de 2025, o Concello de Arteixo comunicou que se debía modificar no referido anexo III o relativo á praza de provisión por mobilidade nese concello, xa que xa fora cuberta por esa entidade.

Finalmente, dada a necesidade de realizar esta modificación, considérase oportuno tamén incluír unha praza de provisión por mobilidade no Concello de Pontedeume, comunicada con posterioridade á publicación da Orde do 26 de xuño de 2025.

Consonte o exposto con anterioridade e de conformidade co establecido no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos da Policía Local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local (DOG número 222, do 22 de novembro), a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude da delegación conferida para o efecto polos concellos interesados,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificar a relación de prazas convocadas no anexo III da dita Orde do 26 de xuño de 2025 no relativo aos concellos de Ferrol, Arteixo e Pontedeume, de xeito que

CVE-DOG: 8dhpht62-b8c5-ark7-7t68-dq97psnktwo4



a convocatoria de prazas destes tres concellos queda establecida como indica o cadro seguinte:

Concello	Provisión por mobilidade PR461D	Acceso por oposición libre PR461B
Arteixo	0	1
Ferrol	3	8
Pontedeume	1	0

Segundo. Abrir un novo prazo de presentación de solicitudes de vinte días (20) hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta Orde de modificación da Orde do 26 de xuño de 2025 no *Boletín Oficial del Estado*, para as solicitudes de provisión de prazas mediante os sistemas de mobilidade e de acceso por oposición libre convocadas por todos os concellos.

Terceiro. Considéranse válidas, para todos os efectos, as solicitudes presentadas, en tempo e forma, durante o prazo comprendido entre o 5 de xullo de 2025 e o 31 de xullo de 2025, polo que non será necesario presentar novas solicitudes. Non obstante, no caso de presentar unha nova solicitude con posterioridade á dita data, só se considerará válida a última presentada en tempo e forma.

Cuarto. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2025

Diego Calvo Pouso
Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

CVE-DOG: 8dhp62-b8c5-ark7-7t68-dq97psnktwo4

